

Varios sindicatos concentraranse contra os abusos en Supermercados DIA



[1]

CIG-Servizos, CC.OO e UGT anunciaron mobilizacións contra os abusos e a precariedade laboral existentes en Supermercados DIA. Xa hai convocada unha concentración diante da tenda-escola da empresa en Santiago de Compostela, o 12 de decembro ás 12:00 horas. Esta cadea de alimentación despide inxustificadamente, sobrecarga de traballo o persoal ou non cobre as baixas. Porén, aumentou considerabelmente as súas vendas e dividendos durante o exercicio pasado.

09/12/11.

As tres centrais convocantes denuncian nun comunicado que Supermercados DIA leva aplicando desde hai tempo unha política de despedimentos que se manifestou en centros de Noia, Cedeira, A Coruña, Ferrol ou Lugo. Ao mesmo tempo, indican que existen carencias de persoal pois hai establecementos que só son atendidos por unha única traballadora.

Do mesmo xeito, Supermercados DIA non cobre as baixas e tamén está a deixar de abonar a nocturnidade, aspecto que vulnera o artigo 37 do [convenio colectivo](#) [2].

Toda esta situación de precariedade laboral, abuso e arbitrariedade contrasta coa conta de resultados de 2010. Nese exercicio, repartíronse 820 millóns de euros en dividendos, as vendas aumentaron un 3'9% e facturáronse 9.588 millóns.

Adxunto

[Comunicado dos sindicatos](#) [3]

Tamaño

67.61 KB

Novas relacionadas: [CIG-Servizos de Lugo mobilízase contra os despedimentos en Supermercados DIA](#) [4]

[CIG-Servizos consegue un resultado excelente nas eleccións en DIA nun proceso longo e con represión](#) [5]

[As eleccións repetíranse en DIA e FETICO pide a anulación das candidaturas disidentes](#) [6]

[Supermercados DIA ameaza con despedir traballadoras por ir nas listas da CIG](#) [7]

Ligazóns:

[1] <http://cigservizos.org/node>

[2] http://cigservizos.org/sites/default/files/acordo_convenio/2010/04/convenio_2010_2012_52960.pdf

[3] http://cigservizos.org/sites/default/files/nova/2011/12/comunicado_dos_sindicatos_61019.pdf

[4] <http://cigservizos.org/nova/2010.11.26/cig-servizos-de-lugo-mobil%C3%ADzase-contra-os-despedimentos-en-supermercados-dia>

[5] <http://cigservizos.org/nova/2010.05.29/cig-servizos-consegue-un-resultado-excelente-nas-elecciones-en-dia-nun-proceso-longo->

[6] <http://cigservizos.org/nova/2009.07.10/elecciones-repetiranse-en-dia-e-fetico-pide-anulacion-das-candidaturas-disidentes>

[7] <http://cigservizos.org/nova/2009.06.19/supermercados-dia-ameaza-con-despedir-traballadoras-por-ir-nas-listas->

Varios sindicatos concentraranse contra os abusos en Supermercados DIA

Publicado en Federación de Servicios (<http://cigservizos.org>)

da-cig